

## DOMINGO XXVIII ORDINARIO (A)

**PRIMEIRA LECTURA** Is 25, 6-10a

LECTURA DO LIBRO DE ISAÍAS

Nesta montaña o Señor dos Exércitos ofrecerálles a tódolos pobos un banquete de boas talladas, de viños anellos, carnes ben condimentadas, viños refinados. Destruirá nesta montaña o veo que tapa a tódolos pobos, a cuberta que cobre a tódalas nacións. O meu Señor, Deus dos Exércitos, destruírá a morte para sempre, enxugará as bágoas de tódalas caras, afastará de todo o país a vergonza do seu pobo.

Si, díxoo o Señor. No día aquel dirase: "Ollade, este é o noso Deus, esperamos nel: El hanos salvar. Este é o Señor, esperamos nel, gozaremos e alegrarémonos coa súa salvación". Si, a man do Señor descansa sobre esta montaña.

**SALMO RESPONSORIAL** Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6

R/. (6cd): **Eu habitarei na casa do Señor por días prolongados sen fin.**

O Señor é o meu pastor, nada me falta:  
En pastos verdecentes faime repousar.  
El lévame a beber en augas tranquilas  
e repón as miñas forzas;

Guíame por vereas rectas,  
por mor do seu nome.  
Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,  
ningún mal temería, pois ti vas comigo:  
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,  
á cara dos meus inimigos;  
únxesme con perfume a cabeza,  
e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo  
tódolos días da miña vida.  
Eu habitarei na casa do Señor  
por días prolongados sen fin.

**SEGUNDA LECTURA** Flp 4, 12-14. 19-20

## LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS FILIPENSES

Irmáns: Hoxe sei vivir na miseria e na fartura. En calquera situación estou ensinado para estar farto e para pasar fame; para ter de abondo e para non ter nada. Teño forzas para todo gracias a quen me fai forte. Mesmo así, fixestes ben en tomardes coma vosa a miña dificultade. O meu Deus, pola súa parte, cubrirá tódalas vosas necesidades, conforme a súa riqueza, con magnificencia en Cristo Xesús.

Gloria a Deus, noso Pai, polos séculos dos séculos. Amén.

**EVANXEO** Mt 22, 1-14 (longa)

## LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo: Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir. Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles ós convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!"

Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro ós seus negocios. Os demais botáronse ós criados, maltratáronos e matáronos. Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinados aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles ós criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda".

Saíron ós camiños os criados e xuntaron a tódolos que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda. Cando entrou o rei para olla-los convidados, viu un home que non vestía traxe de voda e díxolle: "Amigo, ¿como entraches aquí sen traxe de voda?" El ficou caladiño: Entón o rei díxolles ós camareiros: "Atádeo de pés e mans, e botádeo fóra, ás tebras, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes".

Porque os chamados son moitos, pero poucos os escollidos.

**Ou:** 1-10 (máis breve)

## LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo: Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir. Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles ós convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!"

Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro ós seus negocios. Os demais botáronse ós criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinos aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles ós criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda". Saíron ós camiños os criados e xuntaron a tódolos que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.